

Bases do Concurso IX Festival CinEOI Coruña 2019

O **Equipo de dinamización lingüística da Escola Oficial de Idiomas da Coruña** convoca o **IX Festival CinEOI Coruña** co obxectivo de promover a creatividade audiovisual en galego, que se rexe polas seguintes BASES:

1. O tema das curtametraxes é libre e a súa duración non superará os **10 minutos**.
2. As obras deben ser **creadas e producidas en lingua galega** e poden incluír subtítulos nalgunha das linguas estudadas nas EOI. Non se admitirán pezas dobradas ao galego.
3. A obra presentarse en formato dixital e poderá realizarse con calquera medio de gravación (videocámara, cámara dixital, cámara de móbil, tableta, etc.).
4. Acéptanse traballos do 2018, sempre que non participasen xa no CinEOI Coruña Curtas.
5. Haberá **tres categorías**:
 - **CATEGORÍA XERAL**, na que pode participar o alumnado matriculado no curso 2018/2019 en calquera dos seguintes centros:
 - A EOI da Coruña e as súas seccións.
 - A EOI de Ferrol e as súas seccións.
 - O CIFP Imaxe e Son.
 - A Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso.
 - Centros de ensino de adultos e formación de profesorado de A Coruña.
 - **CATEGORÍA XUVENIL**, na que poden participar o alumnado matriculado no curso 2018/2019 en ESO, Bacharelato e FP dos centros sostidos con fondos públicos do Concello da Coruña (agás o CIFP Escola de Imaxe e Son) e do IES Manuel Murguía de Arteixo e o IES Cañada Blanch de Londres (pendente de confirmación).
 - **CATEGORÍA INFANTIL**, na que pode participar alumnado matriculado no curso 2018/2019 en 5º e 6º cursos de E. Primaria dos centros sostidos con fondos públicos do Concello da Coruña.

En función do nº de curtametraxes presentadas nesta categoría, proxectaranse todas ou unha escolma delas na xornada de proxección do Festival.
 - **CATEGORÍA CinEOI INSPIRACIÓN**, na que só pode participar o alumnado matriculado no curso 2018/2019 en calquera dos seguintes centros:
 - A EOI da Coruña e as súas seccións.
 - A EOI de Ferrol e as súas seccións.

Chega con que un dos autores ou compoñentes do equipo estea matriculado nun dos devanditos centros educativos. Un mesmo autor poderá presentar ata a un máximo de dúas curtas.

6. Establécense os seguintes **premios**:

• **CATEGORÍA XERAL**

- Mellor curta: Curso de Interpretación ou de Guión para dúas persoas impartido por Voz Audiovisual e valorados en 750€ (para realizar os martes -no caso de Guión- e os mércores -no caso de Interpretación- de outubro a decembro de 2019), co financiamento do Concello da Coruña (abono das mensualidades 450€, *que serán aboadas a persoa gañadora*) e de Voz Difusión Noticias SLU (matrícula 300€). A elección dos cursos estará supeditada a que Voz Audiovisual efectivamente os realice, en función de que teña suficientes persoas matriculadas nos ditos cursos.
- Premio “Ben Falado”: 350€
- Mellor fotografía: *pendente de publicación
- Premio do público: agasallos

• **CATEGORÍA XUVENIL**

- Premio “Ben Falado”: lote de libros en galego valorados en 250€, outorgado polo Concello da Coruña.
- Primeiro premio: 250€ outorgado por GADIS
- Segundo premio: 150€ outorgado por GADIS
- Terceiro premio : 100€ outorgado por GADIS

• **CATEGORÍA INFANTIL**

- Premio “Ben Falado”: lote de libros en galego valorados en 250€, outorgado polo Concello da Coruña.

• **CATEGORÍA CinEOI Inspiración**

- Mellor curta de aula: 150€ outorgado polas EEOOI participantes.
- Premio á mellor vídeo-mensaxe: 100€ outorgado polo FNAC

• **PREMIO DO PÚBLICO**

Outorgaranse un á peza que acade máis votos entre os asistentes á proxección das curtas que se celebrará o día anterior á gala.

7. A data límite de recepción de curtas será o **19 de abril de 2019**.

7.1. As curtas presentaranse a través de calquera dos seguintes medios:

- na conserxería da EOI da Coruña, en persoa ou por correo postal;
- por vía telemática, a través de calquera plataforma de transferencia online de ficheiros, enviando a ligazón de descarga ao correo endl.corunha@gmail.com.

- 7.2. En calquera dos casos **deben figurar os seguintes datos:** CinEOI Coruña (ENDL), nome da obra, duración, nome do autor/es, enderezo electrónico, centro no que estuda e, no caso do alumnado das escolas de idiomas, tamén curso, grupo e idioma.
8. A peza deberá ser orixinal. Quedarán desclasificadas as obras nas que se detecte de forma inequívoca plaxio ou copia. Así mesmo se se resolve que unha peza premiada no concurso CinEOI 2019 é un plaxio, a organización retirará o premio. E neste caso, os autores/as, como únicos/as responsables dos dereitos de autor da curtametraxe, liberan á EDLG da EOI da Coruña, como organización convocante e as súas organizacións colaboradoras de calquera reclamos derivado deste tema.
9. Non se admiten obras que inciten ao racismo, á xenofobia, á violencia de xénero, á homofobia ou que atenten contra a dignidade da persoa ou os dereitos humanos. A comisión de selección decidirá que traballos son admitidos. Así mesmo, poderán non ser admitidas a concurso as curtas que non presenten un emprego axeitado de lingua galega, a xuízo do xurado especialista en lingua galega.
10. Os autores e autoras das curtametraxes ceden gratuitamente os dereitos das súas obras para facer uso delas para exhibilas e duplicalas sen fins comerciais ata finais deste ano co fin da promoción do concurso. Calquera apropiación indebida de dereitos de autor ou autoría na curtametraxe é responsabilidade da persoa que a inscribiu.
11. Os autores e autoras aceptan que os seu nomes se poderán facer públicos nos perfís sociais, páxinas web e demais eventos de promoción do concurso.
12. **O xurado da categoría xeral, xuvenil e infantil** estará composto por recoñecidos membros do sector audiovisual e cinematográfico galego. Decidirán todos os premios da categoría xeral e xuvenil agás os premios “Ben Falado”, que os fallará un xurado especialista en lingua galega.
Os premios “Ben Falado” das tres categorías outorgarase ás curtas que presentan o mellor nivel de lingua galega e que representan un bo exemplo de uso da nosa lingua.
13. **O xurado da categoría CinEOI Inspiración** estará composto por membros da comunidade educativa da EOI da Coruña.
- 13.1. O premio “mellor curta de aula” se outorgará á mellor curta amateur realizada no contexto dun traballo de aula ou realizada por un grupo de aula de EOI.
Deberá constar o nome de todas as persoas participantes, curso, grupo e nome da/do profesor/a. Neste premio valorarase a participación e a proposta.
- 13.2. O premio á “mellor vídeo-mensaxe en galego” se outorgará á peza audiovisual (texto, canción, poema, etc) que teña un contido máis inspirador ou impactante (concienciación social, solidariedade, altruísmo, etc.). A súa duración non superará os

2 minutos. As pezas desta categoría optan tamén ao premio Ben Falado da categoría xeral.

14. O concurso inclúe a celebración previa dun “OBRADOIRO ACHEGAMENTO PRÁCTICO AO PROCESO DE REALIZACIÓN DUNHA CURTAMETRAXE” como promoción do certame, de 30 horas de duración, que se realizará de febreiro a abril de 2019 na EOI da Coruña e no aula de informática do Ágora; que será financiado polo Concello da Coruña.

O obradoiro é voluntario e de balde, e poderá inscribirse o alumnado dos centros educativos que participen nas categorías xeral e xuvenil, a través da web municipal www.coruna.gal/educacion.

15. O Festival de curtas CinEOI celebrarase os días 8 e 9 de maio de 2019. A proxección das curtas presentadas terá lugar o 8 de maio e a gala de entrega de premios será o 9 de maio na EOI da Coruña.

16. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.

O Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña participa na organización deste concurso.

MAIS INFORMACIÓN:

Escola Oficial de Idiomas. R/ Pepín Rivero, 1. 15011 A Coruña endl.corunha@gmail.com
www.eoicoruna.org

Servizo Municipal de Educación. Avda. A Mariña, 18. 15001 A Coruña. educacion@coruna.es
www.coruna.gal/educacion